



Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 098/2017**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] e [REDACTED] da Confraría de Pescadores “ La Anunciada” de Baiona , mediante escrito do 30 de outubro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] e [REDACTED] da Confraría de Pescadores “ La Anunciada” de Baiona presentaron, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 30 de outubro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte da Confraría de Pescadores “La Anunciada de Baiona” e a Consellería do Mar como tutelante desta confraría.

Os interesados recollían en un documento extenso unha serie de feitos e situacóns, relacionados con varios escritos dirixidos tanto a confraría como á consellería que excedían ao dereito de acceso á información pública, polo que con data de 3 de novembro de 2017 (recibido polos reclamantes o 7 de novembro de 2017) se lles indica que o documento “ *recole* *solicitudes diferentes e incluso a existencia para algún dos puntos dunha resolución administrativa en fase de recurso*” e se lle propoñía, tras un análise detido que centrarse o dereito de acceso no escrito de 2 de xuño de 2017, escrito no que se demandaba á consellería que se lle puxera a disposición a documentación e información que relacionamos:



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

*“ 1- Se nos haga entrega de una copia de los Estatutos de la entidad adaptándose en virtud de la Disposición Transitoria Primera de Decreto 8/2014, de 16 de enero, por el que se regulan las Cofradías de Pescadores de Galicia y su Federación.*

*2- Se nos haga entrega de una copia de la totalidad de las actas de la Xunta Xeral y del Cabildo correspondientes a los presentes mandatos nacidos a partir de las últimas elecciones en el año 2014. En su caso, y subsidiariamente, entrega de certificación de la Sra. secretaria conteniendo el respectivo orden del día, temas a tratar, acuerdos adoptados y ruegos y preguntas.*

*3. En virtud del artículo 58.2 del Decreto 8/2014, de 16 de enero, por el que se regulan las cofradías de Pescadores de Galicia y sus Federaciones y con carácter previo a la aprobación de las cuentas anuales, se ponga a nuestra disposición la TOTALIDAD de la documentación soporte de las operaciones contables realizadas en el ejercicio 2016, especialmente aquella relativa a:*

*a. Relación detallada de las compensaciones, abonos de cualquier tipo o indemnizaciones económicas (salario, dietas, gratificaciones, gastos de representación, etc....), con los correspondientes justificantes y documentos que los soporten, que la Sra. Patrón Mayor de esta Cofradía de Pescadores, miembros del Cabildo, Xunta Xeral y Agrupación recibe de esta entidad, por motivo del eventual desempeño de sus cargos, servicios prestados en eventos, o bien por la venta de productos o mercancías que pudiera estar extrayendo o facturando, durante el ejercicio 2016. Se deberá identificar el modo y concepto de pago empleado en cada caso concreto, así como la correspondiente declaración fiscal ante la Hacienda Pública por la Cofradía de Pescadores. Asimismo, copia del acuerdo adoptado por el órgano rector competente que acredite la habilitación para el abono o derecho de reintegro de tales percepciones, así como las cuantías correspondientes.*

*b. Toda la información y documentación contable respecto de las cantidades ingresadas a título particular por la Cofradía de Pescadores y sus agrupaciones (con detalle de código de ventas) respecto a ventas de demás, sobrantes, remanentes, cuotas extraordinarias, etc., etc.*

*c. Contratos de arrendamientos, permuta, compraventa etc. de inmuebles, instalaciones (carpas etc.) o locales de negocio para la celebración de las jornadas gastronómicas promovidas por la Cofradía de Pescadores en Baiona, Nigrán o cualquier otra localidad durante el Ejercicio 2016.*

*d. Contratos de trabajo, mercantil o civil de las personas empleadas para los citados eventos gastronómicos en Baiona y Nigrán, disponiendo del inmovilizado material de la entidad.*



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

e. Facturas de compras y ventas de mercancías o adquisición de servicios y demás gastos a empresas suministradoras o autónomos que mantuvieran vínculos de matrimonio, parentesco o afinidad con la Sra. Patrona, su secretaria y demás miembros de los órganos de Gobierno.

f. Contratos de colaboración, alquiler o cualquier otra figura que justifique las operaciones cruzadas con empresas afines.

g. Facturas de compras y ventas de mercancías o adquisición de servicios y demás gastos en relación con la empresa [REDACTED]

[REDACTED] devengadas y facturadas durante el pasado ejercicio 2016, así como copia de la totalidad de los acuerdos adoptados por la Xunta Xeral autorizando a la Patrona Mayor la contratación de tales operaciones, en especial aquellos en los que se pudiera haber acordado una donación, condonación o aplazamiento de deuda y otras cuentas a cobrar o cualquier información de especial relevancia acerca la realidad de las operaciones efectuadas, facturación, impagados y destino de los ingresos procedentes de cualquier operación cruzada con dicha entidad."

Con data do 24 de novembro os cinco reclamantes indican a súa vontade de centrase "en cuanto al derecho de acceso de la documentación y los datos que se relacionan con el funcionamiento de los órganos de gobierno de la Cofradía de Pescadores de Baiona relativos a la documentación soporte de las operaciones contables del ejercicio de 2016 para la presentación y aprobación de las cuentas anuales en la Cofradía de Pescadores de Baiona.". E novamente recollen as peticións do escrito de 2 de xuño para rematar solicitando que "se ponga a nuestra disposición la totalidad de la documentación soporte de las operaciones contables del Ejercicio de 2016, sin perjuicio del cumplimiento de los restantes preceptos legales de aplicación en cuanto a la presentación y aprobación de las cuentas anuales en la Cofradía de Pescadores de Baiona."

**Segundo.** Con data 12 de decembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polos interesados, incluíndo a fase de mellora ou emenda da solicitude á Confraría de Pescadores de Baiona e á Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 11 de decembro de 2017.

A recepción da solicitude pola confraría foi o 14 de decembro de 2017

**Terceiro.** Con data 2 de xaneiro de 2018 se recibiu o informe da Consellería do Mar e o expediente elaborado.

O informe, en resumo, indicou que o 7 de decembro de 2016 os agora reclamantes presentaron unha solicitude para que a Consellería do Mar se dirixira á Confraría de



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

Pescadores para requirirlle a convocatoria dunha reunión de xunta xeral extraordinaria. Que o 20 de xaneiro de 2017 se lle notifica á confraría e aos interesados que deberá convocarse tal xunta extraordinaria na que os temas a tratar serán aqueles que se inclúan na petición dos interesados, e que a convocatoria farase co tempo suficiente para o coñecemento dos asuntos a tratar. Tanto a confraría como os agora reclamantes dirixiron diversos escritos á consellería do Mar. “ *En ningún caso os reclamantes utilizaron para as súas peticiones un modelo normalizado de acceso á información pública nin alegaron en ningún momento á aplicación de preceptos desa legislación e tampoco por parte desta administración se considerou que quedaran ao amparo desa normativa ditas peticiones. De feito os reclamantes interpuxeron posteriormente u recurso de alzada (RE-OUT-2017-0195) solicitando a anulación desa xunta xeral extraordinaria do 17 de xuño que foi desestimado e notificado aos recurrentes con data 5/10/2017. Con data 7/12/17....presentaron escrito formulando recurso contencioso-administrativo contra a resolución do recurso de alzada anteriormente mencionado.*”

Xunto co informe achegan o expediente administrativo, expediente que nas páxinas 63 a 65 recolle o escrito de 2 de xuño de 2017 co que os reclamantes pretenden a tramitación do actual recurso.

**Cuarto.** Con data 5 de xaneiro de 2018 se recibiu o informe da Confraría de Pescadores “La Anunciada” de Baiona e copia da reunión extraordinaria da confraría celebrada o 17 de xuño de 2017.

O informe, en resumo, indicou :

1. Actualmente a Confraría é gobernada por unha Comisión Xestora coas competencias previstas no artigo 39 do decreto 8/2014 de 16 de xaneiro. Entenden que a petición da Comisión escapa das funcións que por imperativo legal a comisión ten encomendadas.
2. En todo caso, e respecto ao derecho administrativo a confraría ten sido transparente coa supervisión da Consellería do Mar, Consello de Contas, publicando as contas.
3. Requieren aclaración sobre a información /documentación que deba ser achegada.
4. “ *Ningunha da información que os denunciantes demandan mediante a presentación de reiterados escritos é relativa á constitución, funcionamento e órganos de governo desta confraría, proceso electoral, actos de afiliación, ...etc. En resumidas, nada de lo que solicitan a través de sus escritos afecta directa y exclusivamente al derecho administrativo.*”
5. O artigo 58.4 do decreto 8.14, de 16 de enero, unha vez aprobadas as contas anuais pola Xunta Xeral , queda prohibida a consulta ou acceso á documentación que as soporta. As contas do ano 2016 foron aprobadas o 17 de xuño de 2017.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colegiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

As Confrarías de Pescadores de Galicia, son corporacións de dereito público que están suxeitas á normativa da transparencia no relativo a súas actividades suxeitas a dereito administrativo.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como “os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

#### Cuarto. Análise do expediente

O estudo do expediente determina que a documentación achegada polos reclamantes non foi unha solicitude de acceso á información pública: O documento se integrou dentro do expediente de solicitude da convocatoria dunha reunión de xunta xeral extraordinaria, que foi recorrida en alzada e en vía contenciosa-administrativa, sen que nesa tramitación os interesados invocaran que se estaba a exercer o dereito de acceso á información.

Non procede por tanto analizar ningunha outra cuestión.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

#### ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] e catro membros da Confraría de Pescadores “ La Anunciada” de Baiona por aplicación da disposición adicional primeira nº 1, e corresponder a aplicación da normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga